

REQUISITOS DE USO DO SERVIZO: ASESORAMENTO PRO

- A presentación de proxectos realízase a través da área privada de usuario na páxina web www.aco.gal, achegando a información requirida en cada campo.
- Os proxectos deberán ser presentados en **lingua galega ou castelá** e serán asignados e valorados por estrita orde de chegada.
- ACO ofrece asesoramento nas seguintes **áreas**:
 - *Desenvolvemento
 - Cinema
 - Formatos televisivos
 - Narrativas interactivas, transmedia e videoxogos
 - Creación audiovisual contemporánea
 - *Producción avanzada
- As **datas de recepción** de proxectos aparecen indicadas no apartado Asesoramento PRO da web [aco.gal](http://www.aco.gal)
- As persoas do equipo asesor disporán de **30 días naturais** para emitir as súas valoracións unha vez recibidos os proxectos.
- O servizo está dispoñible para **calquera persoa maior de idade, galega ou residente en Galicia**. No caso de proxectos de autoría múltiple, deberán ser presentados por un único usuario.
- As persoas que son **socias da Academia** poden presentar **un proxecto por área de asesoramento**. As persoas que **non son socias da Academia** poden presentar **un único proxecto**. Un 25% de proxectos estarán reservados a residentes no Concello de A Coruña, sexan ou non de socios da Academia.
- Unha vez que ACO confirme a recepción do proxecto, este será remitido á persoa do equipo asesor co perfil que máis se lle axeite, quen terá un prazo máximo de 30 días naturais para emitir un informe de valoración.
- O feito de achegar a documentación requirida por ACO non implica que vaia ser estudada na súa totalidade.
- Cada proxecto será valorado por unha soa persoa, que permanecerá no anonimato co fin de facilitar a total obxectividade do proceso. Os asesores e asesoras de ACO terán acceso a todos os proxectos que se presenten.
- As persoas do equipo asesor comprométese a facer bo uso da información á que teñan acceso.
- O feito de presentar un proxecto implica que **o usuario posúe os dereitos de propiedade intelectual** sobre o mesmo. ACO, a Academia Galega do Audiovisual e o Concello de A Coruña quedan expresamente eximidos de calquera conflito que poda xurdir a este respecto.
- ACO **resérvase o dereito de admisión** de proxectos que inciten ou banalicen actitudes violentas, vexatorias ou discriminatorias.
- Os nomes dos usuarios e os títulos dos traballos asesorados por ACO poderán ser publicitados ou reproducidos en accións de promoción e difusión do servizo, se estas se leveren a cabo.
- No caso de chegar a producirse, os proxectos asesorados por ACO deberán **incluír nos seus créditos o logotipo de ACO** e poderán ser publicitados ou parcialmente reproducidos en accións de promoción e difusión do servizo, se estas se leveren a cabo.
- ACO resérvase o dereito de realizar modificacións ou tomar iniciativas non reguladas nestes criterios, sempre que afecten directamente ao éxito do proxecto. A interpretación destes criterios dependerá exclusivamente dos membros do equipo directivo e da oficina técnica da Academia Galega do Audiovisual.
- O feito de presentar un proxecto implica que a persoa usuaria do servizo acepta os puntos recollidos nestes requisitos de uso.